# I.E.S. RICARDO MELLA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

---

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO: 2ºESO

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

CURSO ACADÉMICO: 2022_2023

# ÍNDICE

_Toc116466045


**1. INTRODUCCIÓN .......... 2**

1.1. MARCO LEGAL .......... 2

1.2. CONTEXTO .......... 2

**2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .......... 2**

**3. OBXECTIVOS DO CURSO .......... 6**

**4. CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES .......... 8**

4.1. TÁBOA RESUMO DA CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES .......... 8

4.2. CONCRECIÓN DOS CONTIDOS DE AULA POR AVALIACIÓN (2º ESO) .......... 29

4.3. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES (2º ESO) .......... 32

**5. CONCRECCIÓNS METODOLÓXICAS .......... 34**

5.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS .......... 34

5.2. METODOLOXÍA NA AULA .......... 35

**6. MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR .......... 36**

**7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN .......... 37**

7.1. AVALIACIÓN TRIMESTRAL .......... 37

7.2. AVALIACIÓN FINAL .......... 38

7.3. OUTRAS ESPECIFICACIÓNS .......... 39

**8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .......... 39**

**9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES .......... 42**

**10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS .......... 43**

**11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .......... 43**

**12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA ...... 44**

**13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS ...... 47**

**14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA ...... 47**

## LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO

# 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. MARCO LEGAL

A finalidade da educación secundaria consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos de cultura nos ámbitos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; consiste en desenvolver hábitos de estudo e de traballo, en preparar o alumnado para a súa incorporación a estudos posteriores, así como para a inserción laboral, a inclusión social ou a cidadanía activa.

Ese é o obxectivo da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa, que modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en distintos aspectos coa finalidade de avanzar cara a un sistema educativo inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas posibilidades. O Decreto 86/ 2015, do 25 de xuño, establece o currículo para as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias integradas nos elementos curriculares. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se xuntan para alcanzar unha acción eficaz.

Trátase pois de conseguir que o alumnado consiga "un saber facer" aplicables a contextos académicos, sociais e profesionais. Para cada unha das materias que constitúen o currículo, fíxanse os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía, os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación...

### 1.2. CONTEXTO

O IES Ricardo Mella é un centro público situado nun contexto urbano. O alumnado procede maioritariamente dos arredores do propio centro educativo, tendo adscritos os centros CEIP O Sello e CEIP de Fonte Escura de educación primaria. No caso de bacharelato, hai un considerable incremento de rapaces, pois contamos con alumnado que estudou a educación secundaria obrigatoria noutros centros educativos veciños.

Os alumnos e alumnas, tanto da ESO como de BAC, empregan o galego nun índice moi baixo nas súas relacións sociais, feito continuador da liña á que tenden as cidades e vilas galegas que rexistran unha maior densidade de poboación. Apréciase un número moi reducido de galegofalantes habituais ou situacionais que non supera o 1% e que coincide con rapaces ou rapazas desprazados do seu domicilio habitual para continuar os seus estudos.Tanto no ambiente familiar coma no escolar, a lingua vehicular de practicamente a totalidade do alumnado é a castelá. O galego está pouco presente nos fogares e aínda o está menos nas relacións persoais que os escolares manteñen no centro de ensino. Evidéncianse grandes dificultades na expresión oral, feito que teremos en conta á hora de elaborar esta programación didáctica ao incluírmos a oralidade como un factor clave no desenvolvemento das aulas nos catro cursos da ESO.

# 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Recordemos que as competencias non se estudan, nin se ensinan: **adéstranse**. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permita ao alumnado a aplicación do coñecemento

mediante metodoloxías de aula activas. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Nesta Programación Didáctica as competencias clave aparecen asociadas a cada estándar de aprendizaxe dos diferentes niveis educativos (apartados 4.2, 5.2, 6.2, 7.2, 8.2 e 9.2). No presente apartado explicamos a relación de cada competencia coa área de Lingua Galega e Literatura.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental. Así, relacionado con esta competencia o alumnado deberá ser capaz de:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

**Comunicación lingüística (CCL)**

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; polo tanto, poderiamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade. Destacamos, pois, o que o alumno deberá ser capaz:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor…
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

**Competencia dixital (CD)**

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de

comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un piar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas. Para iso, nesta área, o alumno deberá ser capaz de:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia. Traballamos, polo tanto, os seguintes puntos:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un leito perfecto para adestrar a competencia. Traballamos, polo tanto, os seguintes puntos:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia. Para iso, adestraremos os seguintes saber facer:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas. Con esta capacidade o alumnado deberá ser capaz de:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.

- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

**Aprender a aprender (CAA)**

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos. Trabállanse os seguintes elementos de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas…
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 3. OBXECTIVOS DO CURSO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza

cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4. CONCRECCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

### 4.1. TÁBOA RESUMO DA CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Na seguinte táboa mostramos a concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables:

Bloque 1

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). | 3 av. | Comprende o sentido dun texto oral de carácter informativo.<br><br>- Recoñece a idea xeral e os feitos máis relevantes dunha exposición oral. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | 3 av. | - Esquematiza a información principal dun texto oral propio dun medio de comunicación. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | 3 av. | - Analiza e interpreta un texto oral de carácter social e educativo. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | 3 av. | - Planifica un texto oral seguindo unhas instrucións. | Análise da producións oral | Rúbrica |

**LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | 3 av. | - Participa respectando as quendas de intervención e as normas de cortesía máis elementais. | Análise da produción oral | Rúbrica |
| • LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | 3 av. | - Le con corrección. | Observación na aula | Caderno docente |
| • LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. | 3 av. | - Distingue as ideas principais e secundarias nos textos xornalísticos. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | 3 av. | - Desenvolve un espírito crítico ante os texto xornalísticos. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. | 3 av. | - Rexeita os prexuízos e os usos discriminatorios da lingua. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |

## LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. | 3 av. | - Valora as producións orais propias e alleas, comenta os erros e suxire formas para melloralos. | Coavaliación | Escala de observación |
| • LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. | 3 av. | - Rexeita os prexuízos que se poidan asociar á prosodia da lingua galega. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | 3 av. | - Emprega e respecta a súa variante dialectal. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | 3 av. | - Constrúe textos orais que cumpren as propiedades textuais. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | 3 av. | - Intervén oralmente de xeito habitual, coidando a fonética e as regras morfosintácticas. | Análise da produción | Rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | 3 av. | - Coñece o significado de expresións propias da lingua galega. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | 3 av. | - Emprega un léxico variado para explicar un contido. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | 3 av. | - Procura información empregando as TIC e incorpóraa ás súas producións. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. | 3 av. | - Emprega as TIC nos traballos de clase. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. | 3 av. | - Participa nun debate respectando as regras de interacción e as opinións alleas. | Análise da produción oral | Rúbrica |
| • LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | 3 av. | - Participa nun debate sobre un tema escollido, cínguese ao tema e atende ás instrucións da persoa moderadora. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os | 3 av. | - Intercambia opinións a respecto dun tema. | Análise da produción | Rúbrica |

## LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| a súa opinión sobre unha obra de lectura. | | | | |
| • LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | 3 av. | - Segue unhas recomendacións que lle permiten organizar unha exposición oral. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. | 3 av. | - Fai uso de aspectos prosódicos da linguaxe non verbal para facer a súa exposición máis atractiva aos compañeiros, aos que anima a participar con preguntas e comentarios. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. | 3 av. | - Emprega léxico formal na explicación dun texto oral. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. | 3 av. | - Emprega unha pronuncia adecuada a cada fin. | Análise da produción | Rúbrica |
| • LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | 3 av. | - Recoñece e avalía os erros cometidos nunha exposición oral e admite as suxestións dos seus compañeiros para mellorala. | Análise da produción | Escala de observación |
| • LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e | 3 av. | - Reflexiona ante os compañeiros sobre un tema. | Análise da produción | Rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | | | | |
| • LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | 3 av. | - Sabe desenvolverse en galego en situacións cotiás. | Análise da produción oral | Escala de observación |
| • LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. | 3 av. | - Emprega correctamente as formas de cortesía. | Análise da produción oral | Escala de observación |
| • LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | 3 av. | - Distingue os trazos lingüísticos dos discursos planificados e non planificados. | Análise da produción oral | Escala de observación |

BLOQUE 2:

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. | 3 av. | - Elabora resumos e esquemas para mellorar a súa aprendizaxe da materia estudada na aula. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa | 3 av. | - Explica o significado de diferentes termos e expresións. | Proba específica | Proba escrita |

## LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| dicionarios para contextualizar as acepcións. | | | | |
| • LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | 3 av. | - Identifica a idea principal e secundarias nun texto e analiza a relación que existe entre elas. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | 3 av. | - Analiza un texto comprensivamente para obter a súa información implícita e explícita. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. | 3 av. | - Busca información en Internet para mellorar a súa comprensión de textos. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | 3 av. | - Fai unha análise crítica do que sabía e do que aprendeu. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, | 3 av. | - Comprende e interpreta a información de textos da vida cotiá. | Análise da producións | Rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| cartas persoais, avisos e solicitudes. | | - Recoñece a estrutura dos principais textos da vida cotiá. | | |
| • LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. | 3 av. | - Executa instrucións escritas. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. | 3 av. | - Comprende normas e regras. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). | 3 av. | - Comprende un texto xornalístico. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. | 3 av. | - Localiza as partes dun texto xornalístico. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | 3 av. | - Identifica a tipoloxía dun texto analizando a súa estrutura. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |

## LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. | 3 av. | - Identifica as características principais dun texto. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. | 3 av. | - Busca información en Internet para integrala nun texto escrito. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. | 3 av. | - Busca información en dicionarios impresos e dixitais. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. | 3 av. | - Emprega as diferentes bibliotecas. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. | 3 av. | - Evita a linguaxe sexista. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre | 3 av. | - Expresa unha opinión propia acorde ou desacorde ao grupo. | Análise da producións | Rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| aspectos parciais ou globais dun texto. | | | | |
| • LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | 3 av. | - Explica o sentido dunha afirmación recollida nun texto. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | 3 av. | - Mantén unha actitude de respecto ante as opinións alleas. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. | 3 av. | - Le en voz alta e correctamente un texto. | Observación na aula | Caderno docente |
| • LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. | 3 av. | - Grava a súa voz. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. | 3 av. | - Elabora esquemas. | Análise da producións | Escala de observación e/ou caderno docente |
| • LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. | 3 av. | - Adecúa o rexistro do texto que está a escribir á súa finalidade. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, | 3 av. | - Elabora un texto coherente empregando diversos | Análise da producións | Rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| as referencias internas de tipo léxico e os conectores). | | conectores que liguen as oracións entre si. | | |
| • LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas). | 3 av. | - Comproba que os seus textos están ben redactados e puntuados. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. | 3 av. | - Revisa os textos para asegurarse de que non conteñen erros ortográficos. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. | 3 av. | - Edita un texto empregando un procesador de textos e outras ferramentas dixitais. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. | 3 av. | - Completa os seus textos con algunha imaxe atractiva. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | 3 Av. | - Escribe textos propios da vida cotiá. | Análise da producións | Rúbrica |

## LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | 3 av. | - Escribe noticias seguindo unhas instrucións. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | 3 av. | - Produce textos de carácter educativo. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | 3 av. | - Escribe textos de diferente tipoloxía que cumpran unhas determinadas características estruturais. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | 3 av. | - Resume textos sen parafrasear o seu contido. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos. | 3 av. | - Edita no ordenador un texto. | Análise da producións | Rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. | 3 av. | - Valora a escritura e a súa relevancia na comunicación social. | Observación na aula | Caderno docente |

BLOQUE 3:

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | 3 av. | - Utiliza un vocabulario preciso para describir e definir.<br><br>- Incorpora o novo vocabulario que se vai vendo na aula.<br><br>- Coñece as relacións léxico-semánticas. | Análise da producións e/ou observación na aula | Rúbrica e/ou caderno docente |
| • LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. | 3 av. | - Coñece a correspondencia entre os sons e a súa representación gráfica.<br><br>- Pronuncia seguindo as regras xerais de acentuación. | Análise da producións e/ou observación na aula | Rúbrica e/ou caderno docente |
| • LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, | 3 av. | - Obtén información de diferentes fontes de consulta, tanto en papel como en Internet. | Análise da producións e/ou observación na aula | Rúbrica e/ou caderno docente |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | | | | |
| • LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas. | 3 av. | - Reformula textos orais ou escritos empregando correctamente as normas gramaticais. | Análise da producións e/ou observación na aula | Rúbrica e/ou caderno docente |
| • LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | 3 av. | - Coñece as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas na produción de textos. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | 3 av. | - Revisa textos escritos para comprobar que non contén erros ortográficos. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. | 3 av. | - Puntúa correctamente un texto. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. | 1-2- 3 av. | - Coñece as distintas clases de palabras, que clasifica correctamente.<br>- Recoñece as funcións sintácticas en diferentes oracións. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| | | - Clasifica oracións segundo a súa modalidade. | | |
| • LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. | 2 av. | - Utiliza os recursos da lingua dun xeito creativo. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. | 1-2-3 av. | - Emprega conectores. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna. | 1 av. | - Redacta textos cohesionados. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos. | 3 av. | - Elabora enunciados correctos sintacticamente. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou rúbrica |
| • LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo | 2 av. | - Recoñece e avalía os erros cometidos nunha exposición oral e admite as suxestións dos seus compañeiros para mellorala. | Análise da producións | Rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| solucións para a súa mellora. | | | | |
| • LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | 3 av. | - Elabora proxectos multidisciplinarios. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | 3 av. | - Utiliza os seus coñecementos de galego para ler e comprender outras linguas próximas. | Análise da producións e/ou observación na aula | Caderno docente |

*BLOQUE 4:*

## LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | | |
|---|---|---|---|---|
| • LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. | 3 av. | - Valora a lingua como un instrumento que permite as comunicacións interpersoais e como un sinal de identidade dos pobos. | Análise da producións e/ou observación na aula | Rúbrica e/ou caderno docente |
| • LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. | 2.ª av. | - Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica eses conceptos ao galego e mais a outras linguas peninsulares. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou escala de observación |
| • LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. | 1.ª av. | - Coñece as linguas que se falan en España. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou escala de observación |
| • LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. | 1.ª av. | - Coñece a actual realidade lingüística que hai en Galicia. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou escala de observación |
| • LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. | 1.ª av. | - Explica as vantaxes que ten para un galego falar unha lingua coa que nos podemos comunicar con persoas de diversos países e culturas.<br><br>- Aprecia as similitudes entre o galego e o portugués e coñece a evolución das dúas linguas a partir do latín. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou escala de observación |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | | |
|---|---|---|---|---|
| | | - Coñece os países que conforman a lusofonía. | | |
| • LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. | 1.ª av. | - Coñece recursos en rede que lle permiten manter o contacto coa lusofonía. | Observación na aula | Caderno docente |
| • LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. | 3 av. | - Coñece e analiza datos relativos á situación sociolingüística do galego e reflexiona sobre a transmisión xeracional do galego. | Proba específica | Proba escrita |
| • LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | 3 av. | - Emprega a toponimia galega. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. | 3.ª av. | - Coñece as iniciativas normalizadoras na educación. | Observación na aula | Caderno docente |
| • LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e | 3 av. | - Reflexiona sobre a actitude dos demais (e a súa propia) a respecto das prácticas lingüísticas que | Análise da producións | Rúbrica |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | | |
|---|---|---|---|---|
| socialmente á normalización da lingua galega. | | garanten a transmisión xeracional do galego. | | |
| • LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. | 3.ª av. | - Reflexiona sobre o proceso de normalización do galego. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | 2.ª av. | - Identifica prexuízos sobre a lingua galega e expresa unha postura contraria. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. | 3.ª av. | - Coñece os rexistros formal e o coloquial da lingua. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou escala de observación |
| • LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. | 3.ª av. | - Analiza a súa práctica lingüística. | Observación na aula | Caderno docente |
| • LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | 3 av. | - Coñece a variedade estándar da lingua e valóraa como elemento unificador. | Proba específica e/ou análise da producións | Proba escrita e/ou escala de observación |
| • LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades | 3 av. | - Rexeita os prexuízos en contra das variedades dialectais. | Análise da producións | Escala de observación |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | | |
|---|---|---|---|---|
| dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | | | | |

*BLOQUE 5:*

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| • LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. | 3 av. | - Realiza unha exposición oral na que recomenda aos compañeiros da clase unha novela. | observación na aula | Caderno docente |
| • LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | 3 av. | - Analiza o uso de elementos propios de cada xénero dun texto literario. | Análise da producións | Escala de observación |
| • LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. | 2ª - 3ª av. | - Sinala os usos especiais da linguaxe no texto poético e identifica algúns recursos estilísticos. | Análise da producións | Rúbrica |
| • LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis | 1ª - 2ª av. | - Recoñece nun texto narrativo os protagonistas, o narrador… | Análise da producións e observación na aula | Rúbrica e caderno docente |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | | | (realización de actividades) | |
| • LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | 3ª av. | - Recoñece algúns dos elementos que se identifican nun texto teatral. | Análise da producións e observación na aula (realización de actividades) | Rúbrica e caderno docente |
| • LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | 3 av. | - Xustifica a que xénero literario pertencen diferentes textos. | Análise da producións e observación na aula (realización de actividades) | Rúbrica e caderno docente |
| • LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | 3 av. | - Identifica o tipo de subxénero dun texto narrativo. | Análise da producións e observación na aula (realización de actividades) | Rúbrica e caderno docente |
| • LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | 3 av. | - Comenta, de xeito guiado, textos literarios. | Análise da producións e observación na aula | Rúbrica e caderno docente |
| • LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos | 3 av. | - Transforma un texto narrativo en dramático seguindo unhas instrucións. | Análise da producións | Caderno docente |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMP | GRAO MÍNIMO | PROCEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| retóricos traballados na aula. | | | | |
| • LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | 3ª av. | - Identifica algunhas características da linguaxe cinematográfica. | Análise da producións e observación na aula (realización de actividades) | Rúbrica e caderno docente |
| • LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. | 3ª av. | - Coñece as principais características da linguaxe cinematográfica. | Análise da producións e observación na aula (realización de actividades) | Rúbrica e caderno docente |
| • LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | 3 av. | - Emprega material bibliográfico. | Análise da producións | Escala de observación |

## 4.2. CONCRECIÓN DOS CONTIDOS DE AULA POR AVALIACIÓN (2º ESO)

A secuencialización de contidos que se fai nesta Programación é flexible e calquera cambio que se realice nela aparecerá recollido nas actas de reunión de departamento.

### 1ª AVALIACIÓN

**Comunicación oral e escrita**

- A narración e a descrición.
- A exposición.

- A exposición xornalística: a reportaxe.
- A exposición xornalística: o informe.

**Funcionamento da lingua**

- Vocabulario: seres míticos, aciencia, a democracia, as crenzas.
- A orixe do léxico.
- Palabras patrimoniais e cultismos.
- Os préstamos e os estranxeirismos.
- Maiúsculas.
- Regras xerais de acentuación.
- Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos.
- A lingua e a súa organización.
- A oración. Modalidade oracional.
- O suxeito. Oracións impersoais.
- O predicado.

**Lingua e sociedade**

- O plurilingüismo. As linguas do Estado español.
- O galego e a lusofonía.

**Educación literaria**

- Os textos literarios.
- A narrativa.
- A novela.
- A narrativa de aventuras.

**2ª AVALIACIÓN**

**Comunicación oral e escrita**

- A exposición administrativa: a solicitude.

- A prescrición.
- A argumentación.
- A argumentación xornalística: a carta á dirección.

**Funcionamento da lingua**

- Vocabulario: a hostalaría, a telefonía, a igualdade, o tempo cronolóxico.
- Os neoloxismos, vulgarismos e dialectalismos.
- As relacións semánticas.
- Casos especiais de acentuación. A diérese.
- O acento diacrítico.
- As comiñas e a raia.
- Signos que delimitan incisos.
- Os complementos e as súas clases.
- Os complementos do verbo.
- Complementos do verbo e do substantivo.

**Lingua e sociedade**

- Valoración social das linguas. Os prexuízos.
- O galego na actualidade.

**Educación literaria**

- A narrativa de ficción científica.
- O texto poético.
- A poesía social.
- A poesía intimista.

**3ª AVALIACIÓN**

**Comunicación oral e escrita**

- A argumentación académica: a recensión.

- A argumentación administrativa: a reclamación.
- A publicidade. Promotores e finalidade.

**Funcionamento da lingua**

- Vocabulario: o fútbol, a administración, o comercio, a publicidade.
- Significado recto e figurado.
- Significado denotativo e connotativo.
- Palabras tabú e eufemismos.
- As abreviaturas e as siglas.
- Grupos consonánticos.
- Por que, porque, porqué. Con que, con que.
- Se non, senón. De máis, demais.
- Oracións copulativas e predicativas.
- Oracións transitivas e intransitivas.
- Oracións con verbo pronominal.
- Análise da oración simple.

**Lingua e sociedade**

- A normalización lingüística.
- A variación lingüística. Os rexistros.

**Educación literaria**

- Poesía e outras artes.
- A comedia.
- A traxedia.
- O drama.

4.3. **CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES (2º ESO)**

Os contidos mínimos esixibles tanto na convocatoria de xuño como na de setembro son os seguintes:

**Comunicación oral e escrita.**

- Expresión oral e escrita fluída, coherente, cohesionada, axustada á norma e adaptada ás diversas situacións comunicativas.
- Realización de exposicións orais planificadas.
- Resumo e esquematización de textos.
- Recoñecemento e uso das características das diferentes tipoloxías textuais.

**Funcionamento da lingua.**

- Emprego correcto das normas ortográficas: acentuación, puntuación, grafías, abreviaturas, siglas…
- Coñecemento da ortografía dos grupos consonánticos.
- Coñecemento das modalidades oracionais.
- Coñecemento das relacións semánticas.
- Recoñecemento das clases de palabras (substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos, adverbios e elementos de enlace).
- Recoñecemento das funcións sintácticas.
- Distinción entre oración e frase.
- Diferenciación dos distintos tipos de oracións.
- Adquisición de novo léxico mediante a utilización do dicionario, das TIC e da realización das actividades do vocabulario temático corresondedente a cada unidade.

**Lingua e sociedade.**

- Recoñecemento de rexistros na lingua.
- Coñecemento da situación lingüística no mundo, na Península Ibérica e en Galicia.
- Coñecemento da situación do galego na actualidade.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e da riqueza da diversidade lingüística e cultural.

**Educación literaria.**

- Lectura expresiva, resumo e comentario de textos de diferentes xéneros literarios, recoñecendo os elementos que os caracterizan.
- Lectura das obras marcadas como obrigatorias.

## 5. CONCRECCIÓNS METODOLÓXICAS

A continuación detallamos os principios metodolóxicos e a metodoloxía na aula.

### 5.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A escola debe ser capaz de desenvolver saberes sólidos, posto que só é posible pensar e actuar sobre aquilo que coñecemos a fondo, pero tamén ten que ser capaz de educar persoas que convertan o coñecemento en acción e que posúan sólidas habilidades sociais e morais. Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo. O alumnado é o centro da súa propia aprendizaxe: faise preguntas, infórmase, participa, aprende a controlar a súa evolución, emprende proxectos… A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais:

- A consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo.
- O desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario:

**Adestramento individual e o traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes. Isto farase combinando actividades sinxelas e tarefas de maior complexidade, excelentes para desenvolver as competencias, ensinarlles a pensar aos alumnos, resolver problemas e situación reais e desenvolver o pensamento creativo.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe. Para alcanzar isto procuraremos unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. Así poranse en marcha mecanismos de reforzo.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a **vinculación a contextos reais** e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás próximas aos alumnos.

Os seguintes principios impregnarán metodoloxicamente a presente programación:

a) A interactuación en diferentes ámbitos sociais ou persoais que nos permitirán o coñecemento e interiorización dos procedementos imprescindibles para a abordaxe das distintas situacións de comunicación.

b) A consideración do erro como oportunidade de aprendizaxe, posibilidade de mellora ou como punto de partida para a creación.

c) A experiencia vital da literatura como fonte de pracer, desde os niveis máis básicos de comprensión ata a recreación ou expresión literaria autónoma.

d) A metodoloxía socio-afectiva buscando a empatía no descubrimento de argumentos razoados na defensa das propias conviccións, ou mesmo as contrarias, utilizando o poder da razón fronte a calquera outra posibilidade.

e) O aproveitamento da experiencia do día a día para vivenciar uns valores compartidos, un "aprender a ser e a estar" que resultará idóneo para a observación de comportamentos, actitudes e á aproximación aos problemas, buscando a resolución pacífica dos conflitos.

f) A valoración e estima da lingua de Galicia e a súa utilización normalizada.

g) O respecto pola diversidade lingüística.

### 5.2. METODOLOXÍA NA AULA

Para lograr os nosos obxectivos de etapa e competencias clave seguiremos estes principios e estratexias metodolóxicas:

- ✓ **Motivación,** xerar curiosidade e necesidade de aprender é vital na educación. Mais é unha tarefa complicada debido aos diferentes perfiles de alumnado. O máis efectivo, debido a etapa evolutiva do noso alumnado, será deixar liberdade de creación e actuación. Por unha banda, o xogo segue sendo unha parte innata da súa vida, polo que, o enfoque lúdico será un aspecto decisivo da motivación con exercicios como o Plickers (gamificación) ou grupo de investigación ou estratexias de aprendizaxe cooperativo (como lectura compartida ou a folla xiratoria)

- ✓ **Partir da competencia inicial do alumnado,** tomando como referencia a aprendizaxe significativa de Ausbel e o constructivismo de Piaget, sabermos cales son os coñecementos previos do noso alumnado axudará a asentar mellor as bases dos novos conceptos e procedementos. Para isto empregaremos actividades iniciais como a chuvia de ideas, mapas conceptuais, lapis ao centro, lecturas compartidas, o grupo nominal, entre outros.

- ✓ **Respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe,** para responder correctamente a esta diversidade na aula, imos empregar entre outras cousas a Teoría das intelixencias múltiples de Gardner. Así, a escolla das actividades terá en conta esta teoría: debates, lecturas orais, exposicións, libros, comentarios de texto (**Inteligencia lingüístico-verbal);** investigacións, aplicacións de métodos, resolución de problemas abstractos **(lóxico-matemática);** mapas conceptuais, esquemas, vídeos, presentacións (**intelixencia visual-espacial**); actividades en colaboración co departamento de música sobre todo na literatura medieval ou busca de métrica e ritmo de poemas (**intelixencia musical**); o proxecto "A acción teatral" con varias simulacións e representacións, ver unha obra teatral (**Inteligencia corporal-cinestésica);** autonomía de planificación**,** traballo individual, autoavaliacións (**Intelixencia intrapersoal);** traballo en grupo ou por parellas, actividades colectivas **(intelixencia interpersoal);** roteiros, investigación e exploracións **(intelixencia naturalista).**

- ✓ **Potenciar as metodoloxías activas e participativas,** o protagonista da acción educativa é o alumnado. Sobre todo seguindo o **enfoque comunicativo** no que o importante é aprender

empregando a lingua. Todo isto supón tamén que o papel do docente sexa de facilitador, guía ou orientador cara a consecución da aprendizaxe.

- ✓ **Combinar o traballo individual e o cooperativo**, para dar resposta a todas as intelixencias debemos traballar cada un dos aspectos por separado. Tanto o traballo individual, por exemplo con actividades de creación literaria, como o cooperativo, con actividades de investigación colectiva.

- ✓ **Aprendizaxe por proxectos**, fomentarán o traballo en equipo, a planificación, a creatividade, o pensamento crítico, a expresión oral e escrita, entre outros aspectos.

- ✓ **Tarefas integradas**, as nosas actividades intentan traballar de xeito integrado todas as competencias, tal como marca o artigo 3/11 do Decreto 86/2015. Sobre todo as actividades centradas en grupos de investigación conxugan dentro de si contidos de todos os bloques do currículo.

- ✓ **Uso habitual das TIC e das TAC,** o Decreto 86/2015 fai fincapé no uso das TIC e TAC como medio para conseguir os obxectivos educativos e desenvolver as competencias. Empregaranse nas exposicións docentes e do alumnado, para a busca de información, para compartir información tanto entre eles como co docente como con outros institutos.

## 6. MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

O Libro do alumnado para a área de Lingua Galega e Literatura da editorial Santillana. Amais as propostas didácticas para Lingua Galega e Literatura tamén serán da editorial Santillana.

Por outra banda, empregaremos os recursos fotocopiables das Propostas didácticas da editorial Santillana, que recollen lecturas complementarias, actividades de repaso e afondamento, avaliación de contidos e avaliación de competencias; xunto con cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita da editorial Anaya e outras.

Por outra banda, utilizaremos os dicionarios tanto tradicionais como virtuais e páxinas web interactivas e repositorio Abalar. A maiores, empregaremos aquelas actividades, power point, follas, tarefas elaborados polo propio profesorado.

En canto aos **libros de lectura** obrigatoria e voluntaria, serán indicados pola docente cada trimestre. O profesorado achegaralles unha listaxe ampla aos alumnos ao principio de curso para que escollan, en cada trimestre, un libro voluntario que se examinará mediante un exame oral ou escrito. O libro de lectura obrigatoria será indicado en cada trimestre polo profesorado correspondente.

Lecturas 2º ESO
*O corazón de Xúpiter*, Ledicia Costas
*Makinaria,* Carlos Negro
*O carteiro de Bagdad,* Marcos S. Calveiro
*Petando nas portas de Dylan*, Antonio García Teixeiro
*Ovella descarriada*, Marilar Aleixandre
*Contos por palabras*, de Agustín Fdz. Paz;
*Atraco no banco*, Singala

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN

Os procedementos e criterios que se empregarán para levar a cabo a avaliación son os seguintes:

### 7.1. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

**a) Valoración do proceso individual a través do traballo e do uso oral da lingua.**

Faremos unha observación e valoraremos positivamente:

a.1.- Traballo: (10% da nota total da avaliación).

- Seguimento das instrucións dadas polo docente.
- Aproveitamento diario da clase.
- Realización de deberes.
- Realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
- Autonomía e iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade e resolver dúbidas.

Este apartado será avaliado a través do caderno docente, rúbricas e escalas de observación.

a.2.- Oralidade: (20% da nota total da avaliación).

- Utilización do galego nas intervencións orais espontáneas e planificadas .
- Esforzo por mellorar a pronuncia e as estruturas gramaticais, así como a adquisición de novo vocabulario.
- Ser quen de elaborar un discurso oral completo e adecuado ao nivel educativo.
- Rexeitamento de prexuízos.
- Respectar a quenda de palabra.
- Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos compañeiros.

Será avaliado mediante rúbricas, escalas de observación e o caderno docente.

**b) Valoración do progreso individual a través de probas escritas** (60% da nota total da avaliación).

Ao longo de cada trimestre realizarase, como mínimo, unha proba escrita que recollerá preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Esta(s) proba(s) sumará(n) á nota trimestral un 60% e as preguntas e exercicios que aparezan neses exames levarán ao seu carón a puntuación correspondente.

**c) Lectura obrigatoria dun libro** (10% da nota total da avaliación).

Cada trimestre o alumnado escollerá un libro de lectura, coa axuda da profesora, do que terán que demostrar a súa lectura a través dunha proba oral ou escrita ou dun traballo determinado polo docente. Desta proba valorarase:

- Contido: as respostas deben contestar de forma clara ao que se pide, sen lagoas nin información incompleta. Tamén se poderá avaliar a opinión crítica de calquera aspecto relacionado con ese libro.

- Expresión oral/escrita: valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.

- • Ortografía: esta debe seguir as normas ortográficas vixentes.

Se da corrección desa proba se deduce que o libro non foi lido por ese alumno, ese exame non sumará nada á nota desa avaliación aínda que haxa algunha pregunta ou apartado contestado correctamente.

**d) Lectura voluntaria de até dous libros** (sumará 0,5 puntos á nota media desa avaliación).

A comprobación da lectura do mesmo será a través dun exame oral ou escrito.

A continuación amosamos as porcentaxes comentadas con anterioridade:

| | |
|---|---|
| PROBAS ESCRITAS | 60 % |
| TRABALLO | 10 % |
| ORALIDADE | 20 % |
| LIBRO DE LECTURA OBRIGATORIA | 10 % |
| LIBRO DE LECTURA VOLUNTARIA | 0,5 puntos x 2 |

### 7.2. AVALIACIÓN FINAL

Segundo a ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia; a terceira avaliación e a avaliación final coincidiran no tempo marcada polo centro ao final de xuño.

Así, antes da data destas avaliacións o profesorado organizará as distintas probas de recuperación de cada alumnado. Se a media dos tres trimestres ten unha calificación positiva de

5 ou máis e a consecución positiva dos estándares mínimos, obterá tamén a calificación positiva na avaliación final sen necesidade de realizar unha proba de recuperación. O alumnado que adquira unha cualificación negativa deberá acudir á recuperación final; nesta haberá unha proba escrita para quen deba recuperar toda a materia, e, ademais, tres probas diferentes para cada un dos trimestres para que aquelas persoas que obtivesen cualificación negativa nun ou dous deles non teñan que volver avaliarse dos tres.

Por outra banda, a nota da avaliación final calcularase realizando a media real das cualificacións obtidas nas tres avaliacións parciais (sen redondear); unha vez realizada a media destas, volverá aplicarse a fórmula do redondeo e acharase así a cualificación final da materia.

### 7.3. OUTRAS ESPECIFICACIÓNS

- Nas diferentes probas escritas que se realicen ao longo do curso tamén se terá en conta a corrección lingüística, polo que sobre a cualificación dos exames se poderá restar ata un máximo de 2 puntos por erros, que descontarán do seguinte xeito: 0,2 polas faltas moi graves (colocación do pronome átono ao comezo de oración, reescribir mal palabras que aparezan nos enunciados, uso de tempos verbais compostos) e 0,1 polas menos graves (emprego de grafías alleas ao galego como y ou j, confusións entre b, v, h, s, x, erros de acentuación, uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas …).

- Só se repetirá un exame ante unha causa debida e documentalmente xustificada. Se a falta de asistencia non é xustificable, a cualificación que se lle outorgará a esa proba para establecer a nota media será cero.

- Aquel alumno ou alumna ao que se sorprenda copiando nun exame será cualificado cun cero na devandita proba.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Presentamos a continuación a táboa sobre o indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente:

| ACTIVIDADES | **INDICADORES DE LOGRO** |
|---|---|
| PLANIFICACIÓN | • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.<br>• Realiza a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.<br>• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. |

| ACTIVIDADES | **INDICADORES DE LOGRO** |
|---|---|
| | • Planifica as clases de maneira aberta e flexible.<br>• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.<br>• Prepara o material: apoio, reforzo, para o alumnado con necesidades especiais.<br>• Selecciona as lecturas tendo en conta os niveis ao que van dirixidas.<br>• Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.<br>• Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos. |
| MOTIVACIÓN DO ALUMNADO | • Dá a coñecer a planificación de cada unidade de contido.<br>• Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.<br>• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.<br>• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novidosos.<br>• Fomenta un bo ambiente na aula.<br>• Promove a participación activa do alumnado.<br>• Relaciona os contidos, as tarefas e as actividades cos intereses do alumnado.<br>• Organiza actividades interactivas e en grupo para incentivar a socialización. |

| ACTIVIDADES | **INDICADORES DE LOGRO** |
|---|---|
| TRABALLO AULA | • Apóiase ao comezo de cada sesión dos contidos xa traballados en sesións anteriores.<br>• Utiliza exemplos, na introdución, de novos contidos.<br>• Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.<br>• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.<br>• Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave. |
| AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE | • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.<br>• Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.<br>• Establece medidas que permitan introducir melloras.<br>• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.<br>• Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.<br>• Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de actividades que se desenvolven durante as sesións.<br>• Favorece os procesos de autoavaliación.<br>• Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.<br>• Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.<br>• Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos. |

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O profesorado do curso actual fará un seguimento deste alumnado para ofrecerlle o reforzo necesario nos contidos en que manifesten dificultades. Asemade se elaborará un plan de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. A avaliación será repartida entre unhas actividades marcadas polo profesor/a correspondente que suporán o 30% por cento da nota e unha proba escrita (70% da nota trimestral) por trimestre. O resultado da avaliación final ordinaria será a resultante da media das tres avaliacións. O alumnado aprobará cando a súa nota sexa 5 ou superior.

Esas probas consistirán nunha proba escrita sobre os contidos mínimos da materia pendente e o libro de texto que se toma como referencia é o da editorial Santillana que se empregou o pasado curso. Só se considerará superada a materia se a nota obtida na proba é igual ou superior a 5 puntos.

**MATERIA PENDENTE DE 2º ESO (CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES)**

- Expresarse oralmente e por escrito dun xeito fluído, coherente, cohesionado.
- Resumir e esquematizar textos.
- Recoñecer e usar as características das diferentes tipoloxías textuais.
- Empregar correctamente as normas ortográficas: acentuación, puntuación, grafías.
- Coñecer a ortografía dos grupos consonánticos.
- Coñecer as modalidades oracionais.
- Recoñecer os mecanismos de formación de palabras.
- Coñecer as relacións semánticas.
- Recoñecer as clases de palabras (substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos, adverbios e elementos de enlace).
- Recoñecer as funcións sintácticas.
- Distinguir entre oración e frase.
- Diferenciar os distintos tipos de oracións.
- Adquirir novo léxico.
- Recoñecer os rexistros da lingua.

- Coñecer a situación lingüística no mundo, na Península Ibérica e en Galicia.
- Coñecer a situación do galego na actualidade.
- Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e da riqueza da diversidade lingüística.
- Ler expresivamente, resumir e comentar elementos que os caracterizan.

## 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

Atención individual.

Subministración de material de apoio na aula

Ampliación de tempo na realización de probas.

Probas adaptadas as circunstancias académicas do alumnado.

Apoios en pequeno grupo.

Realización de tarefas en grupo.

Adaptación curricular, de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación. Atendendo aos resultados das avaliacións, faranse reaxustes que vaian no camiño de mellorar os resultados.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**Programas específicos e personalizados para o alumnado repetidor**

Aínda que habitualmente o alumnado repetidor ten unha madureza e independencia maior có alumnado non repetidor, precisa moitas veces apoio e reforzo. Deste modo o departamento, e en particular o profesorado que desenvolve a docencia nos grupos que presentan esta tipoloxía, procurarán proporcionar os materiais de reforzo e ampliación que o alumnado precise; atendendo sempre ás necesidades educativas particulares en relación á consecución dos obxectivos da etapa.

**Alumnado con necesidades específicas**

A diversidade manifestarase en tres ámbitos interrelacionados: na capacidade de aprender, na motivación e nos intereses. Atoparemos alumnos que manifesten dificultades para aprender e

outros que progresan con maior rapidez cós seus compañeiros e que, de igual maneira, necesitan unha especial atención educativa. Entre este grupo, temos que incluír o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou doutros países. A atención á diversidade abordarase a través de exercicios complementarios de análise de textos e competencia lingüística de maior ou menor grao de dificultade. A posibilidade de elaborar traballos de investigación e compilación de información, de escribir textos de diferentes xéneros e tipoloxías e de facer outras lecturas distintas ás obrigatorias, contribuirá á atención individualizada que cada alumno necesite, potenciando as súas preferencias e corrixindo as súas eivas. Nalgún caso, a atención que precisa algún alumno require unha maior concreción e individualización. De atoparmos casos onde as medidas cualificadas como Reforzo Educativo, incluso dentro da aula coa profesora de Pedagoxía Terapéutica, non sexan suficientes, adoptaremos a medida da Adaptación Curricular. Trátase de casos onde, axudados e guiados polo Departamento de Orientación, modificamos dende obxectivos ata criterios de avaliación para achegarnos o máximo posible ás necesidades do alumnado.

## 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais,** tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible. Dende o Departamento de Lingua Galega e Literatura fomentaremos estes elementos transversais ben sexa achegando informacións precisas, ben incidindo na convivencia e respecto nas aulas e fóra delas. Algún dos temas que achegamos ao alumnado dos diferentes cursos son: **Lectura, comprensión e análise de textos e expresión oral e escrita.** A materia de Lingua Galega e Literatura ten como bloque de contido a comunicación oral e escrita, é dicir, este elemento, que é transversal noutras materias, nesta forma parte do currículo. É importante lembrar que as linguas apréndense para falar ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo, reflectir o noso pensamento, é dicir, é o instrumento para a equidade, pois debe darnos os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo, na vida profesional e social, sensibilizar cara os usos creativos e lúdicos das linguas e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas vehiculan. A competencia lectora consiste no desenvolvemento dun conxunto de estratexias, destrezas e coñecementos que contribúen á comprensión e ao uso de textos escritos, así como á reflexión sobre os mesmos. Para traballar a lectura de obras empregaremos tres pasos:

antes da lectura: crearemos un clima que esperte o seu interese para propiciar a lectura. Presentaremos a obra e procuraremos espertar o desexo de ler e a curiosidade por coñecer.

- Durante a lectura: interromperémola para facer comentarios ó respecto e breves resumes.

- Despois da lectura: unha vez por trimestre, como mínimo, farase unha proba que avalíe a consecución dos obxectivos marcados e que tamén nos servirá para saber se esa lectura espertou simpatías entre o alumnado e se deberemos volvela incluír como proposta en futuros cursos.

**Comunicación audiovisual.** Vivimos inmersos nunha sociedade da información. A imaxe e o son son vehículos a través dos cales se recrea unha realidade ou unha ficción. 226

Aprendemos destes elementos e da escola. Pero é necesario aprender a linguaxe audiovisual para ser máis críticos e conscientes da importancia da imaxe. É importante ter presente o constante contacto cos medios da comunicación: tradicionais (radio, televisión, cine), modernos (internet, videoxogos) e a recepción das mensaxes que desde eles se lanza educando a personalidade dos adolescentes. Desde a materia de Lingua Galega faremos a análise das mensaxes que poden chegar deses medios: imaxe e texto, linguaxe verbal e linguaxe non verbal. **Tecnoloxías da Información e a Comunicación.**

As TIC, este ano, previsiblemente van ser máis importantes ca nunca, pois, por mor da pandemia que estamos a vivir, moitos dos alumnos pasarán épocas de confinamento, ou podemos atoparnos nun escenario de confinamento como o que vivimos no curso pasado. En calquera das dúas situacións, os alumnos poderán e deberán seguir o proceso de ensino-aprendizaxe a distancia e mediante todas as tecnoloxías da información que poidan empregar. Amais, no ensino presencial, a través das TICs ensínase ademais de utilizar o aparello, a algo que vai moito máis alá: ao seu uso como ferramenta. Neste punto cabe destacar a uso responsable das novas tecnoloxías, xa que un uso irresponsable pode provocar danos en terceiras persoas. Comprender as TICs e dominar as destrezas básicas é hoxe parte importante da educación. Dende a materia de Lingua Galega e Literatura incentivaremos o uso das TICs a través das seguintes actividade.

o Busca de información en internet para a elaboración de traballos de investigación.

o Aprender a elaborar táboas que sinteticen a información.

o Emprego de dicionarios en rede.

o Acceso a bibliotecas e museos virtuais.

o Visita a páxinas web dos xornais.

o Emprego de procesador de textos.

o Xogos didácticos en rede.

o Emprego de audiolibros e fotobiografías de autores destacados da nosa literatura.

o Audicións de textos dialectais.

o Audición de poemas musicados.

En 2º ESO estaremos máis limitados xa que neste caso os alumnos non contaran con ordenadores nas aulas. Teremos a posibilidade de levar a cabo actividades adaptadas ó seu nivel na mesma liña que as deseñadas para 2º ESO. Ademais moitas destas actividades poderán realizarse fóra do horario escolar.

Proporanse actividades de redacción, edición e revisión, procura de información e consulta de diferentes recursos na rede, como bibliotecas, dicionarios, gravacións sonoras ou museos. Tamén se traballarán presentacións visuais que sirvan de acompañamento a unha presentación oral.

**Emprendemento.**

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas. Este elemento desenvolveranse cando o alumnado poida:

Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

Ser constante no traballo, superando as dificultades.

Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.

Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

**Traballo colaborativo.**

Organizaranse sesións de presentación e discusión sobre temas relacionados cos bloques de contidos.

**Educación cívica e constitucional.**

Esta ten como obxecto axudar a analizar criticamente a realidade para favorecer a convivencia. Nela trabállanse valores como a xustiza, o respecto, a solidariedade, a igualdade, a liberdade. Ademais, preténdese que o alumnado constrúan os seus propios valores e normas, que adopten posturas coherentes cos seus principios e actúen conscientemente. En definitiva, trátase de preparalos para vivir e convivir na sociedade. Desde a nosa área este elemento transversal traballarémolo desde actividades como:

Discusións morais.

Creacións de relatos.

Actividades extraescolares que promovan a convivencia.

Debates que leven a aceptar normas que democraticamente se establezan respectando os distintos puntos de vista no diálogo.

Tamén teremos en conta outros contidos transversais como *Educación para a igualdade entre sexos:* a poesía lírica serviranos para expresar e comentar sentimentos, a Rosalía reivindicativa e feminista propiciaranos unha reflexión sobre a discriminación sexual, igual cás cantigas medievais e os poemas de Pondal. Analizaremos tamén os valores sexistas da publicidade.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS

Con respecto ás actividades complementarias que se lle poden propor ao alumnado, sinalamos que se irán adecuando á marcha do curso en función da reflexión que fagamos sobre algunhas cuestións:

- Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Cal foi o resultado da realización das actividades?
- Cales delas gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

En canto ás actividades complementarias programadas, estendemos esta listaxe (que sempre será flexiva e revisable) das actividades programadas:

**Samaín** e **Magosto** celebración da festa tradicional con lecturas de terror, calacús, exposición, cartelería, etc.

**Contra a violencia contra a muller** (20 novembro): facer cartelería, programas de radio, exposicións, etc.

**Nadal**: canto coral de panxoliñas, coñecemento do Nadal galego.

**Día de Rosalía**, programa de radio, recitados de poesía e narrativa, charlas, actuacións, etc.

**Entroido**, concurso de coplas do Entroido, coñecemento dos Entroido galego, máscaras de entroido, etc.

**8 de marzo**, programa de radio, charlas, cooperación co grupo de igualdade do centro.

**Semana do libro**, charlas de autores do club de lectura, lecturas conxuntas, programa de radio, etc.

**Semana das letras**, programa de radio, exposicións sobre o homenaxeado Francisco F. Del Riego, actuacións, charlas, cartelería, etc.

**Ponte nas ondas**: o instituto participará neste concurso sobre imaxes do patrimonio

**Programas variados de radio na emisora escolar.**

Esta listaxe será flexiva, poderá ser ampliada dependo das circunstancias deste curso.

## 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Os procedementos para avaliar periodicamente a programación de Lingua Galega e Literatura deste curso 2022-2023 son de dous tipos:

**Unha avaliación de progreso:**

Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, estratexias metodolóxicas, criterios de avaliación, procedementos e actividades axustados á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro. Valorarase tal axuste nas reunións de departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberán de modificarse durante o percorrer do curso. Os intercambios orais como entrevistas cos alumnos e cos pais, a observación externa e os resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos serán algúns dos procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensino. A evolución da pandemia tamén será determinante no devandito axuste.

**Unha avaliación final:**

Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa materia suspensa. Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

Presentamos a continuación unha táboa que pode servir de modelo para a avaliación da programación e da práctica docente:

## LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºESO

**Evaluación da Práctica docente e a PD**

| INDICADORES DE LOGRO | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. Adecuo o nivel de dificultade ás características dos alumnos | | | | |
| 2. Emprego as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe | | | | |
| 3. Utilizo estratexias metodolóxicas diferentes en función da actividade | | | | |
| 4. Promovo a participación e o diálogo | | | | |
| 5. Elaboro actividades atendendo á diversidade | | | | |
| 6. Poño en práctica as medidas programadas para os alumnos con NEAE | | | | |
| 7. Teño presentes os elementos transversais dentro de cada UD | | | | |
| 8. Utilizo os diferentes instrumentos de avaliación programados | | | | |
| 9. Combino o traballo individual co cooperativo | | | | |
| 10. Ofrezo a cada alumno/a as explicacións individuais que precisa | | | | |
| 11. Potencio a lectura no alumnado | | | | |
| 12. Potencio o uso das TIC no alumnado | | | | |
| 13. Potencio estratexias que promovan a expresión oral do alumnado | | | | |
| 14. Ofrezo explicacións claras e ordenadas dos contidos da materia | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 15. Corrixo con rapidez as probas de avaliación | | | | |
| 16. Analizo xunto co alumnado os resultados das probas de avaliación | | | | |
| 17. Ofrezo espazos de diálogo e suxerencias do alumnado respecto a miña labor docente | | | | |
| 18. Avalío a eficacia das tarefas de reforzo, ampliación | | | | |
| 19. Consigo crear un ambiente de motivación e curiosidade | | | | |